



CONCELLO DE  
OLEIROS

**CLUB ACUATIC OLEIROS**

**Praza de Liáns, nº 2-3º C - Santa Cruz**

**15179 - Oleiros**

**Notificación**

Notifícasele, en cumprimento do disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Resolución da 1ª Tenente de Alcalde delegada de Economía e Facenda nº 2019004129, dictada en data 11 de outubro, na parte que lle afecta:

*“En data 13 de maio de 2019 ditouse resolución nº 201900001945, polo que se aproba a incorporación ao Orzamento en vigor dos remanentes procedentes do exercicio 2018, entre os cales se atopan os importes pendentes de aboamento ás entidades beneficiarias de subvencións concedidas por Decreto da Alcaldía nº 5512/2018.*

*Examinadas as xustificacións presentadas polas entidades beneficiarias e considerando o establecido nas cláusulas IX das bases específicas e convocatoria de subvencións para a promoción e difusión da cultura e o deporte para o ano 2018 formulouse polo órgano instrutor en data 9 de outubro de 2019 proposta de pagamento das que presentan xustificacións correctas dos gastos efectuados.*

Considerando:

1. *Que as entidades que se relacionan a continuación presentaron a súa conta xustificativa correcta, de acordo co establecido nas bases, e procede o pagamento do importe restante da subvención concedida:*
  - [...]
  - CLUB ACUATIC OLEIROS
  - [...]
2. [...]

*Visto o informe da Asesora Xurídica de Cultura, Ensino, Deportes, Formación e Emprego e Xuventude de data 10 de outubro de 2019, coa conformidade do Interventor accidental;*

*En virtude das facultades que foron delegadas a esta Tenencia de Alcaldía mediante Decreto da Alcaldía número 2019002619, de 20 de xuño,*

**RESOLVO:**

**1º.-** *Aprobar as contas xustificativas das subvencións para a promoción e difusión da cultura e o deporte do ano 2018 presentadas polas entidades que se relacionan a continuación, e en consecuencia, recoñecer a obriga e ordear o pagamento, das cantidades que se especifican, en concepto de liquidación de pagamento do importe restante da subvención que lles foi concedida por Decretos da Alcaldía números 5407/2018 e 5512/2018.*





CONCELLO DE  
OLEIROS

**Rfa. BDNS: 417691**

<b>CIF</b>	<b>ENTIDADE</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>ADREM</b>
[...]			
G70214846	CLUB ACUATIC OLEIROS	3.135,28	201900015544
[...]			

**2º.-** *Comunicar o contido da presente Resolución aos Departamentos de Contabilidade e Tesoureiría e notificala ás entidades afectadas, aos efectos oportunos.”*

*Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes.*

O que lle notifico aos efectos oportunos.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Secretaria accidental do concello de Oleiros (P. D. A Asesora Xurídica CEDFEX, segundo decreto da alcaldía nº 4499/12 do 24 de outubro). (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

